



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE OUTUBRO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e un de outubro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23/09/2015).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de setembro do ano que andamos, que logo de corrixir a instancias da concelleira dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, no punto 8º.3, de contestación á pregunta formulada polo PSdG-PSOE, onde di “importe total da obra de saneamento en San Xián”, por “.....San Xián de Sales e San Fins de Sales.”, apróbase por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de reintegro da liquidación definitiva da Participación nos Tributos do Estado do ano 2013 en 120 mensualidades.

Visto o escrito recibido con data 07/08/2015 do Servizo de Coordinación coas Facendas Locais da Delegación de Economía e Facenda en Galicia no que se notifica o importe da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado do exercicio 2013 que presenta un importe negativo de corenta e oito mil cincocentos cincuenta e dous euros con dezaseis céntimos (-48.552,16 euros).

Dado que o Real Decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, na súa disposición adicional décima establece que o reintegro dos saldos que resulten a cargo das entidades locais na liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado correspondente ao exercicio 2013 poderá



fraccionarse nun período de 10 anos (en 120 mensualidades, comezando na mensuralidade de xaneiro de 2016), para o que requirirá a presentación da solicitude polas entidades locais, que deberá ser aprobada polo Pleno da corporación local e se remitirá polo interventor ou secretario-interventor ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medios telemáticos e con sinatura electrónica con anterioridade ao 1 de novembro de 2015.

Para poder acollerse a dito fraccionamento a citada disposición establece que deberá estar cumprida a obriga de ter presentada a liquidación dos presupostos do exercicio inmediato anterior da totalidade das entidades integrantes da corporación local, que se prevea cumprir a 31 de decembro de 2015 co obxectivo de estabilidade presupostaria e de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e cuxo período medio de pago non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de medidas de loita contra a morosidade conforme ao Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

Aos efectos anteriores terase en conta a información correspondente ao terceiro trimestre de execución do orzamento de 2015 e do período medio de pago publicado no mes de outubro de 2015.

En función do exposto anteriormente propónse:

Á vista do exposto e de que o concello de Vedra cumpre cos requisitos esixidos na citada disposición adicional décima do Real Decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, solicitar que o reintegro do saldo resultante a cargo do concello de Vedra na liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado correspondente ao exercicio 2013 sexa fraccionado nun período de 10 anos, comezando na mensuralidade de xaneiro de 2016.

A Presidencia quere deixar claro que o concello non ten ningunha responsabilidade neste tema nin marxe de manobra, e que as cantidades mensuais a reintegrar deduciranse das achegas do Estado, como se fixo coas liquidacións negativas dos anos 2009 e 2010, que ao ser mínimas non comprometeran a prestación ordinaria dos servizos.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta se hai pago de xuros, contestándolle a Presidencia negativamente. De seguido di que o seu grupo está de acordo en que hai que pagar impostos e devolver o que non é noso, pero que non sabe se a mellor forma é a formulada polo grupo de goberno, posto que efectivamente se se devolve a cantidade de golpe pódense resentir os orzamentos municipais, pero ao seu entender existe outra maneira de reintegrar esas cantidades. Así sinala que nós debémolles diñeiro ao Estado, pero a Xunta de Galicia débenos a nós uns 44.000 euros da prestación do SAF, a través de modalidade de dependencia, posto que a pesares de estar obrigada por lei a cubrir o cento por cento do custo do servizo, non é así na realidade, xa que só achega 9,5 euros/hora, e por ese prezo non hai ningunha empresa que o faga, e para o vindeiro ano a cantidade será de 71.000 euros, preguntando se dende o concello se lle reclamou esas cantidades.

A Presidencia di que ese tema non ten nada que ver co que se está a falar, que pode ser motivo de debate nun pleno, pero que hoxe non se van desviar do asunto incluído na orde do día.



Dona Beatriz Amenal di que ela está a falar das contas municipais, do que o concello debe e o que lle deben a el, contestándolle a Presidencia que eses números teñen a súa explicación, e que está a facer unha defensa política coa que poden estar ou non de acordo, replicándolle a citada concelleira que se non llos reclama é a súa responsabilidade.

O Sr. Castro do BNG di que tal e como xa expuxo na Comisión Informativa trátase dun exceso que foi gozado polo seu goberno e o razoable é que xa que estamos a principios dunha lexislatura reintegrarlo durante a mesma e non gravar sucesivas lexislaturas ou posibles gobernos, pero dado que o goberno tampouco conseguiu aclarar se poden prexudicar ou condicionar as arcas municipais cun hipotético reintegro neste orzamento, por responsabilidade política non se poden opor, polo tanto o seu voto vai a ser a abstención.

O Pleno, con sete votos a favor do PP e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG, acorda aprobar a citada proposta.

3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Para aclarar una pregunta formulada por dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, sobre da promoción das xornadas turístico-gastronómicas, a Presidencia cédelle a palabra ao concelleiro de Cultura don Enrique Vázquez, que expón que se trata dunha convocatoria de subvencións da Deputación Provincial da Coruña dirixida aos concellos para actividades de promoción dos recursos turísticos dos concellos e a dinamización da súa área de influencia, dentro da cal o concello presentou un proxecto con dúas memorias, para distintas accións e actividades, de promoción do Entroido e os Xenerais da Ulla, das Tabernas da Ulla, campañas de Terraceo de Verán, Vedra de Tapas e Entroido Gastronómico, material divulgativo, carteis para a sinalización nas rutas de sendeirismo, paneis informativos municipais, paneis de recursos turísticos, ...etc

Dona Beatriz Amenal puntualiza que no referente ao Terraceo de Verán, a diferenza da campaña de Vedra de Tapas, que si lles parece unha promoción dos recursos turísticos do concello; foi máis unha promoción dun determinado produto que está hoxe en día en mans dunha empresa de fóra (Osborne) que se pode permitir pagar a súa propia publicidade

-- Aos rogos e preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1º.- En canto a que se lle bote “zahorra” a un camiño que vai ao lugar de Torrente en Paradela-San Xián para delimitalo, a Presidencia di que están no tema, e que nos vindeiros días se concretará, e con respecto á retirada dun póla no campo da festa de San Pedro de Sarandón, que se falou coa AA.VV e xa se retirou..

2º.- Con respecto ao rogo para que se habilite un lugar para xirar o autobús escolar en San Xián, o concelleiro de Educación, Sr. Costa, expón que non entenden moi ben o mesmo, posto que non sabe se o concello pode establecer ese lugar porque o transporte escolar está regulado pola Consellería, e que intentou indagar un pouco do tema para poder aclarar o rogo formulado, e non lles consta que nin a empresa nin o CPI de Vedra teñan solicitado algo nin no Concello nin da Deputación da Coruña nin no



Servizo de Transporte Escolar da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que é onde se debe dirixir todos estes temas.

Dona Beatriz Amenal di que actualmente o autobús xira en Paradela ou ás veces nunha pista en Corexo , e que ela propoñía no rogo que quedase un sitio previsto para que xire e darlle traslado a que ten sexa, posto que ás veces cando están a xirar os coches que pasan pola estrada teñen que parar co conseguinte perigo.

O Sr. Costa di que se ese é o rogo, está de acordo con solicitalo e se o seu grupo ten algunha proposta concreta que lla faga chegar para trasladala á Deputación, como titular da estrada, como ao propio servizo posto que as rutas están moi condicionadas e non é fácil ás veces modificar algo.

3º.- Á pregunta sobre do destino da planta primeira do edificio da escola de San Xián, o Sr. Costa di que en primeiro lugar o que se trata é de proceder ao seu arranxo o antes posible para que estea nunhas condicións axeitadas, e a finalidade é dedicala a usos sociais e educativos. Durante a xornada escolar vai ter usos educativos para os nenos/as da escola, necesidade que vén demandada dende hai anos polo CRA Boqueixón -Vedra, e compartilo con usos sociais.

4º.- En canto á posibilidade de cederlle o campo de fútbol de Vedra ao Club Olímpico, di que efectivamente é un campo de fútbol, e como tal vai a seguir; unha instalación deportiva, e tendo en conta que hai un CPI ao seu carón, dúas escolas deportivas, un club olímpico, e máis ofertas deportivas que poidan xurdir, e a intención do equipo de goberno e que con todo iso se faga un bo uso e rendemento do mesmo, preguntándolle se realmente faloron cos directivos do Club Olímpico.

O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE contéstalle que el vai a todas as asembleas do club e na última reunión lle trasladaron que necesitaban un sitio para os adestramentos, posto que todos saben que están a adestrar, correndo e en bicicleta pola estrada coa moto do adestrador ao seu carón, co perigo correspondente, e utilizando para os adestramentos de lanzamento de xavelina e peso un terreo que lle deixou o seu sogro.

Di que lle parece ben a idea dun campo de fútbol, pero da mesma maneira se pode facer un estadio con pistas arredor do terreo de xogo, e así o Club Olímpico poderíao utilizar tanto para adestrar como para competicións.

A Presidencia di que lle formula esa pregunta porque os directivos do Club Olímpico tamén faloron con el e lles sorprendeu esa proposta, e que o equipo de goberno é coñecedor desa necesidades, pero que hai que ver as capacidades do concello, as necesidades e as realidades que existen, existindo alternativas; de feito estase a estudar unha delas, que se ben estaría no termo municipal non na parroquia de Vedra, e con isto non quere dicir que o campo de fútbol non teña usos compartidos. De calquera xeito di que non vai haber discusións políticas neste tema.

--Ás preguntas do Sr. Pose e do Sr. Castro do BNG sobre do Cultural, don Enrique Vázquez contéstalle que lles parece unha boa idea que as asociacións poidan asistir a esta feira que se celebra cada ano en Pontevedra, e que algunhas asociacións xa a visitaron, ben como asociacións ou ben de forma persoal, e polo tanto dende o concello vaise informar a todo o tecido asociativo de Vedra das datas e lugar de celebración, dos contidos e posibilidades que ofrece para que cada asociación decida ou non a súa asistencia. Por outra banda sinala que lle gustaría que concretasen algo máis a súa proposta no sentido de que , en caso de organizala, teña ou non gastos para o concello, posto que os orzamentos en cultura son os que son, e se temos uns gastos nesto hai que reducilos noutras actividades.



Expón ademais que fan unha afirmación de que con frecuencia as programacións das nosas asociacións, sexan festas ou outros eventos non teñen en conta o gran abano de posibilidades que ofrecen os creadores/as do país, e céntranse na contratación de orquestras. Isto non é realmente certo posto que o tecido asociativo de Vedra é dos máis dinámicos de Galicia e que está cheo de posibilidades e de variedade de actividades de carácter cultural, lúdico e festivo, ...etc, e senón teñen en conta outras posibilidades non é por descoñecemento senón pola falta de tempo para levar a cabo estas actividades, por certo diversas e variadas, e en ningún caso dende o concello debemos dirixilas cara onde deben orientar os seus esforzos e as súas actividades, senón agradecerlles o traballo que fan día a día , e sobre todo, colaborar con elas en todo o posible.

O Sr. Castro di que o concelleiro de Cultura ignora as asociacións que manexan o orzamento máis grande deste concello, que son as comisións de festas, e que non se critica nin moito menos, simplemente o que se expón é que hai un abano de posibilidades máis amplo e que en ningún momento se está a condicionar as súas decisións, e polo que respecta aos gastos entende que só serían os do autobús e ao mellor os bonos de entrada, ínfimos para o orzamento municipal dende o seu punto de vista.

O Sr. Vázquez pídlle que concreten un pouco máis a súa proposta, que valorarán e decidirán sobre do tema.

--Ás demais preguntas do Sr. Pose , a Presidencia contéstalle:

1.- En relación coa empresa adxudicataria do servizo de axuda no fogar, di que a principal preocupación do concello debe ser que os usuarios estean ben atendidos, dentro do establecido na lei, e que sexa un servizo de calidade e cun prezo accesible para todos, incluso para as arcas municipais.

En canto ao tema concreto do que se fala, di que lle sorprende posto que a empresa está suxeita a inspección dos Servizos Sociais da Xunta de Galicia e non fixeron referencia algunha a este tema, e se é verdade que a principios de ano, cando a empresa se fixo cargo do servizo, as traballadoras lle trasladaron as súas queixas, por temas de quilometraxes e outros, resolvéronse despois de reunións coa empresa, e na actualidade non lle formularon nada en relación coa pregunta que se formulou. En calquera caso sinala que é un tema, en principio, de relación entre a empresa e as traballadoras, que teñen a súa representación sindical, que é a canle axeitada e existe un convenio específico de axuda no fogar ao que teñen que remitirse.

2.- Á pregunta sobre da estrada da Deputación que vai a Sarandón, di que se está estudando a realización dunha senda peonil e valorando ademais como se remataría ata o cruce. De feito hai uns 15 días estiveron coas técnicas da Deputación para ver o tema, agora haberá unha ocupación duns 800 metros de lonxitude e para o vindeiro ano en conservación rematarán o asfaltado e a senda, quedando uns 300 metros ata o cruce, que tamén se intentará meter en conservación ata chegar ata o cruce. Isto -di- foi o que lle trasladou ao Presidente da Deputación na xuntanza que mantivo con el, confiando de que ao longo deste exercicio e do que vén se poida facer. A maiores, informa, vaise presentar un proxecto por parte do concello na estrada da Xunta de Galicia, que unirá cunha senda dende o cruce ata o outro cruce que vai á casa de cultura, quedando deste xeito un itinerario seguro unindo varias aldeas de San Miguel.



3.- En canto aos pasos peonís, di que se solicitou tanto pola AA.VV como por parte do concello, pero que existen dous problemas, o primeiro e fundamental é que en canto ao solicitado diante da farmacia, o enxeñeiro xefe do servizo, don Vicente Berrocal nos contestou que “nese punto non existe visibilidade e existe un paso de peóns a 70 metros do solicitado”. Sinala ademais que na xuntanza que mantivo co Presidente da Deputación trataron, entre outros, ese tema, e este lle manifestou que tiñan que cumprir unha normativa posto que, como aconteceu noutros concellos, poden existir problemas de responsabilidade, polas alturas e outras cuestións, agradecéndolle tanto ao PSdG-PSOE como ao BNG o apoio para traballar xuntos neste tema, incluso ao Presidente lle dixo que se era un problema económico e o concello ten que colaborar farse ao considerala unha necesidade.

4º.- Polo que respecta ao paso en Santa Cruz de Ribadulla, di que nos catro anos que leva gobernando este tema pelexouno moito, incluso desprazándose a Madrid en ocasións, posto que depende do Ministerio de Fomento.

Expón que inicialmente existía un proxecto de construción dunha pasarela que se descartou polos custos desorbitados, uns 500.000 euros ademais de dificultades para levalo a cabo, aparte de que os pasos que existen por toda Galicia poucas persoas os utilizan, polo que se estudou co Ministerio de Fomento e Adif facelo por debaixo, dende o Bar A Terraza ao parque infantil, pero existían problemas coas alturas mínimas esixidas, co cal a única solución que quedaba e camiñar un anaco pola estrada nacional e facer unha baixada adaptada á pista da estación de ferrocarril, é dicir, por debaixo da ponte, incluso xa existe un camiño que vai ao banco, farmacia, ..etc. Esta solución -dix-a está dotada dende o ano pasado, empezouse a facer a finais de ano pasado pero Adif parou a obra pola falta de permisos, que xa existen agora, e fai cousa dun mes dende Madrid lle comunicaron que a obra estaría rematada antes de fin de ano, cuns custos de 50.000 euros.

5º.- Á pregunta sobre da reunión de representante cos alcaldes de Teo, Ames e Compostela, di que xa mantiveron unha reunión, e hai uns quince días outra co concelleiro D. Xan Duro para tratar temas de interese supramunicipal, para tratar aqueles temas dos que faloron, esperando que se dea avanzado na busca de solucións entre todos.

6º.- Sobre do cumprimento do regulamento das casas de cultura, contéstalle que o uso das casas de cultura polas asociacións daría para un monográfico, e díu alguén que vén de participar dende hai anos na acción sociocultural e coñece de primeira man como foi evolucionando o tema dende o principio. De feito, a intención do equipo de goberno, e a raíz desta pregunta máis, é convocar de ser posible no mes de novembro ás distintas asociacións para ter unha xuntanza e chegar a acordos entre todos, posto que hai moitas asociacións que fan un uso responsable das mesmas, pero non así outras, que por exemplo deixan os radiadores acendidos durante días e os gastos páganos todos os veciños e veciñas de Vedra.

7º.-En canto á adecuación dos locais electorais á lexislación de accesibilidade, sinala que non pode ser doutro xeito, e agora que se acercan unhas eleccións todos deben cumprir eses requisitos e se algún non cumpre hai que cambiar o local electoral por outro que si cumpra.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



8º.-Con respecto á pregunta sobre do arquivo histórico de Vedra, di que pretenden levalo para os orzamentos de 2016 e haberá tempo para falar e debater sobre deste tema.

--Aos rogos e preguntas de don Roberto Castro do BNG, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre do uso de linguaxe non sexista por parte do concello, cédelle a palabra ao concelleiro de Educación, don Manuel Costa, quen expón que o equipo de goberno porá á disposición dos traballadores e traballadoras recursos a través dos cales se poidan reflectir a equidade no trato a ambos os dous sexos, solicitando a súa colaboración e do resto dos concelleiros de cara a conseguir unha igualdade de xénero efectiva na linguaxe.

2º.- En canto á pregunta sobre remunicipalización de servizos, a Presidencia di que non cree que nesa entrevista dixese iso, pode que o dixese sobre da auga porque si están convencidos que se vai levar a cabo, pero non no resto dos servizos. En calquera caso cada servizo é diferente e hai algúns que funcionan mellor e é máis económico e sostible facelos externos e outros evidentemente non. Neste aspecto van estudando cada un deles, e no tocante ao servizo da gardería van seguir coa licitación e adxudicación a unha empresa externa.

3º.- Polo que respecta á subvención para prevención de drogodependencia, di que se estudou e dende o departamento correspondente se considerou que non se podía solicitar, posto que en primeiro lugar non se cumprían unha serie de requisitos obxectivos que impedían acceder a eles, como o ámbito poboacional de 10.000 habitantes. En calquera caso en temas de prevención se fan actividades na ludoteca, xuventude, colexios, escola de familia (recentemente houbo unha charla de Fernando, un dos técnicos da UMAD), mesmamente no programa de atención e apoio educativo ás familias en servizos sociais, derívanse casos a través da UMAD e para o vindeiro 2016, aínda que existen dificultades legais, vaise intentar a colaboración con ese servizo que dá axuda na contorna.

4º.- Sobre do contencioso interposto por Viaqua, contéstalle que o procedemento está en fase de proba no ámbito xudicial, e como xurista dille que o silencio administrativo é unha resposta moi utilizada pola administración (negativa) e mesmo na lexislatura pasada o PSdG-PSOE estaba de acordo, e o que se decida se faga nos xulgados, posto que o equipo de goberno non está de acordo coa cantidade que reclama a empresa en concepto de desequilibrio financeiro na prestación do servizo, deixando claro que o concello entende que non lle debe 200.000 euros, esa é a cantidade que reclama a empresa.

5º.- En canto á licitación do servizo da gardería, di que segue adiante o proceso, e que en principio está aberta todos os meses do ano, este ano foi unha excepción polas obras que se executaron na mesma. No tocante á posibilidade de que os usuarios leven a súa comida, di que dende o departamento de servizos sociais, lle informaron que ata un ano pódese facer, e a partir desa idade non, por se existe algún problema coa alimentación e control da dieta. Polo que respecta ao material escolar, di que no concurso cada empresa presenta o seu proxecto educativo, que é o que máis se valora,



que ten que estar actualizado no rexistro de entidades que prestan servizos sociais á Xunta e suxeito por tanto a inspección, e se se refire ao tema do idioma existe un regulamento da gardería onde se contempla o uso do galego que está visado pola inspección.

6º.- Á pregunta sobre da oferta de traballo da ludoteca, di que coa oferta queda cuberto totalmente o servizo, agás que existan baixas ou para a cobertura de vacacións, pero en calquera caso serán casos puntuais.

7º.- Respecto ás bolsas de intercambio xuvenil do GDR Terras de Compostela, o concelleiro de Xuventude, don Enrique Vázquez, contéstalle que se colgou a oferta de participación a través da páxina web municipal, onde se pedían certos requisitos: ter entre 18-30 anos, ser emprendedores coa temática de intercambio e emprendemento xuvenil rural e estar empadroadado no concello, presentándose no prazo tres solicitudes para cubrir unha única praza, polo que estaba previsto realizar unhas probas; que non foron precisas porque a última hora algún dos concellos renunciaron á súa praza e poderán ir os tres solicitantes dese intercambio que se celebrará na illa italiana.

4º.- Rogos e preguntas.

--Don Ramón Manuel Lago do PSdG-PSOE formula as seguinte preguntas:

1º.- Sinala que na resposta do Sr. Alcalde á pregunta do BNG sobre da débeda municipal, estendéronse demasiado e usaron o pleno para facer política, cando ao seu entender o pleno debe ser unha ferramenta de goberno e xestión do concello, polo que as intervencións deben ser máis concretas e concisas.

Nesa intervención a Presidencia falaba do gasto social, que se incrementou, agás nos gastos da comida da terceira idade, así como as subvencións a clubs, asociacións, deporte, cultura, ...etc, presentando un artigo dun xornal segundo o cal Vedra figuraba en 4º lugar dentro dos concellos da provincia da Coruña con máis gasto social por habitante (191,36 euros/habitante), solicitándolle aos grupos da oposición que non fixesen demagogia, palabra coa que teñen que ter coidado para non caer no mesmo fallo, posto que unha nova dun periódico é a demagogia máis grande, xa que os medios de comunicación están nesgados, incluso podían ter presentado outro do ano 2014 segundo o cal o concello de Vedra figura en 2º lugar na provincia. Pero aquí non collen o gasto por habitantes senón a porcentaxe dos gastos totais que se gastan en gasto social, pero se facemos o cambio e usamos o mesmo dato de gasto /habitante baixaría ao 6º lugar.

Sinala que o que lle gustaría aclarar un pouco, posto que cree que menten un pouco, xa que facendo uns gráficos coa datos do gasto social nos últimos catro anos de lexislatura do PSdG-PSOE, figurábamnos por encima dos 200 euros/habitante, chegando incluso no ano 2008 aos 300 euros/habitante, que nos poría incluso 3º na provincia da Coruña, polo que é mentira que se incremente o gasto social. Segundo os datos do Ministerio de Facenda, dos orzamentos liquidados, o gasto social durante a última lexislatura do PSdG-PSOE foi de 1.200.000; 1.500.000, 1.100.000 e no primeiro ano de goberno do PP xa baixou a 965.000 (2011); 870.000 (ano 2012); 980.000 (2013 e 2014), formulándolle a seguinte pregunta: se tanto se incrementaron as axudas a clubs, asociacións, deporte, ...etc onde van eses 200 euros que se recortan en gasto social ?



A Presidencia contéstalle que espera responderlle e demostrarlle que non menten, e que probablemente sexan cuestións de matices de datos e conceptos.

2º.- Na ITV dos tractores municipais, pregunta quen elixe o lugar onde se fai e no caso de que sexa o concello, roga que se faga nun sitio máis céntrico como Vedra, posto que lle chegaron queixas de moitos veciños que tiveron que facer cerca de 30 quilómetros para levar o seu tractor á revisión

3º.- Expón que o tema do IBI efectivamente vén de Madrid, pero dende o PSdG-PSOE solicitan un pouco máis de información ao respecto, posto que revisando todo os boletíns informativos de 2015 non se menciona nada de que vai existir unha revisión catastral, semellando máis ben un boletín publicitario e hai que informar aos habitantes da realidade, non só a través das redes sociais, posto que moitos deles non son usuarios das mesmas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que o Sr. Vascuas, propietario da empresa Queserías del Ulla situada en Trasariz, dispón dunha depuradora, propoñéndolle ao equipo de goberno que fale con el para chegar a un acordo para utilizala para achegar o servizo de saneamento e depuración a unha parte da parroquia de Vedra.

A Presidencia contéstalle que xa falou con el e coa filla no mes de agosto, e quedaron en reunirse para ver en primeiro lugar a viabilidade técnica posto que a depuradora está preparada para o que é, e que dende logo non sería mala solución.

A citada concelleira formula ademais os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Roga que se substitúa unha marquesiña que está situada en Cornado -San Fins, ademais de outras se fose necesario, posto que esta atópase en moi mal estado.

2º.- Que se arranxe unha fochanca que hai na entrada do parque biosaudable de Santa Cruz de Ribadulla, posto que semella que se fundiu o firme un pouco.

3º.- Que se levante un sinal de tráfico que está no cruce que vai de San Mamede a Socastro.

4º.- Cambiouse o contrato coa operadora de comunicacións, posto que hai facturas de Orange na Xunta de Goberno, esperando que se mellore con respecto á anterior compañía da que tiña escoitado moitas queixas dos traballadores e traballadoras municipais.

A Presidencia que si se cambiou para Orange.

5º.- Na reunión que mantivo co Alcalde de Santiago para falar de temas concretos, pregunta se sabe algo dun pedimento que xa fixo na pasada lexislatura, de asfaltar uns 200 metros na estrada que vai a Montouto, contestándolle a Presidencia que faláron de varios temas, o que se está a buscar e en que comezar a traballar realmente entre concellos, sobre todo dous temas, o do abastecemento de auga e do parque de bombeiros, así como da enerxía eléctrica, e outros, ademais de trasladarlle o seu pedimento.

A citada concelleira di que espera ter máis éxito que co anterior Alcalde de Santiago, do PP, que tiñamos incluso un compromiso do concelleiro de Medio Rural, no



sentido de que de momento non se ía asfaltar pero si limpar, e nin unha cousa nin a outra.

6º.- Con respecto ao proxecto da obra de ampliación do saneamento en San Fins de Sales, onde foi aprobado, posto que a Deputación da Coruña lle dixo que tiña que aprobarse polo pleno.

--Don Roberto Castro do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- En relación á non solicitude de subvención para proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas, acaba de responder neste Pleno (á pregunta do anterior) que o Concello non solicitou subvención para proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas, porque non cumpría o requirimento de poboación mínima.

Entendemos dende o BNG-Asembleas Abertas, que esta convocatoria para un plan trianual e dada a finalidade de atallar unha problemática grave, era de moito interese para o concello.

Se a imposibilidade era o requirimento de poboación mínima, este concello fixo xestións con outros para solicitala conxuntamente, tal como prevé a Orde pola que se convocan?

Entende o BNG-Asembleas Abertas que non se fixo o esforzo necesario.

2º.- Por que non lle explica ás veciñas e veciños, a razón pola que o concello de Vedra non fai uso da asistencia xurídica de letrados e procuradores da Deputación (que xa están pagados), en vez de nós pagar asistencia allea (caso por exemplo de Viaqua, na reclamación de 224.000 euros)?

Esta prestación de servizos pola Deputación vén recollida na Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia. artigo 113 b); Lei 7/1985 de bases de réxime local (artigo 36.1) (Asistencia xurídica a concellos de menor capacidade económica). (Así mesmo, por exemplo Boqueixón, este ano, xa leva feito uso deste servizo).

3º.- Con respecto ao Plan de Igualdade na anterior lexislatura a concelleira de Igualdade e Muller, estivo catro anos de dedicación cun Plan de Igualdade herdado, que cando lle descubrimos que estaba sen vixencia (supoñemos que foi tamén cando ela se decatou), bloqueou o acceso ao mesmo na web, e a ver se morría o conto.

Dous anos despois de perder a vixencia aquel Plan, como está a posta en marcha dun novo Plan de Igualdade? Están traballando con colectivos e organizacións, ou foros no intercambio de experiencias, información ou estratexias?

4º.-O día 17 de xuño de 2014 comezou a aplicación do procedemento de regularización catastral en Vedra. Este procedemento que afecta a inmobles considerados de carácter urbano polo catastro, está a afectar a numerosísimos habitantes de Vedra a quen se lles require unha taxa de 60 euros por inmovible afectado.

O Concello estaba sabedor deste procedemento?

Se estaba sabedor, por que non informou aos veciños da afección deste procedemento e o xeito de paliar as taxas de regularización, que aínda que poidan ser legais, son inxustas e abusivas ao noso parecer?



Se non estaba sabedor, qué concellería ten a competencia na materia?
Ten pensado adoptar algunha medida ao respecto??

5º.- No Pleno anterior parece que deixou claro que a Casa da Chousa do Cotiño non se vai destinar a tanatorio. Cal é a previsión ou proposta que ten vostede para tanatorio na parroquia de San Fins?

6º.- Vai facer algunha emenda ás súas valoracións relativas á presión fiscal do concello de Vedra, expostas en contestación á pregunta no Pleno anterior? Onde nos mandaba a nós ir preguntar por aí e veríamos que a presión fiscal de Vedra é das máis baixas da contorna (dende o IBI, ao IVTM, lixo, sumidoiros, etc, etc?

Porque efectivamente fomos preguntar, preguntamos nos concellos asimilables a Vedra (que coincide que son onde gobernan os seus amigos), que son concellos en decadencia demográfica (coma Vedra) e rurais (coma Vedra), e resulta:

Taxa lixo: Boqueixón 62 euros, Touro 40 euros, Vedra 68 euros (70% máis cara que Touro).

Tipo IBI: Boqueixón 0,44; Touro 0,45; Vedra 0,4576.

No tocante ao IBI mencionou a Teo, que segundo vostede ten un tipo impositivo máis elevado.

Isto se lle parece ben, expóñollo coma un rogo:

Cando Vedra teña un transporte metropolitano coma o de Teo, admítolle a comparación fiscal con Teo.

Cando Vedra teña unha piscina coma a de Teo, admítolle a comparación fiscal con Teo.

Cando Vedra teña a atención ás persoas dependentes (cando teña un centro de día) coma o de Teo (centro de día que, por certo, prometeron xa vostedes hai 4 anos), admítolle a comparación fiscal con Teo.

Cando Vedra teña unha biblioteca coma algunha das de Teo, admítolle a comparación fiscal con Teo. Etc. etc. etc.

Mentres tanto, compárese máis cos concellos decadentes do “eixo da Ulla” (Boqueixón e Touro), porque as políticas de vostede é a onde nos levan: á perda da calidade de vida e decrecemento demográfico; que é o grupo onde están os concellos que lle acabo de citar.

--Don José Antonio Pose do BNG pregunta:

1º.- Sobre da resposta da Presidencia á pregunta do SAF, di que están todos sorprendidos, pero cando formulou a pregunta era para facer algo, quería saber se existía algunha maneira ao ser o Concello o que pagaba o servizo. Parécelle que a empresa Clece estivo no concello e hai algo máis que sorpresa polo que lle preguntou o BNG.

A Presidencia di que dende que formulou a pregunta non se reuniu coa empresa Clece, si no seu momento viñeron as traballadoras cunha serie de problemáticas, e reuníronse coa empresa, incluso estaba a traballadora social, o concelleiro de Servizos Sociais, e que agora antes de finais de ano volverá a saír o concurso.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



O Sr. Pose pregunta quen elabora os pregos, contestándolle a Presidencia que o concello, polo que o voceiro do BNG solicita formalmente que se fixe un prezo xusto para as traballadoras do servizo que estean contratadas e que baixo ningún concepto se repita o de 3 euros/hora.

2º.- Sobre dos pasos peonís, rógalles que incidan sobre do tema agora que a Deputación cambiou de equipo de goberno, e en canto ao paso elevado de Santa Cruz di que contestou o mesmo no pleno pasado.

3º.- Polo que respecta ás Casas de Cultura di que a reunión coas asociacións está moi ben, pero hai un regulamento que foi aprobado en pleno, a instancias do BNG hai dúas ou tres lexislaturas, e se non o queren cumprir deben derogalo.

A Presidencia contéstalle que é o momento de ter esa reunión para deixar arranxado o tema.

4º.- Expón que no programa electoral do PP recollíase a necesidade de modificar o PXOM para mellorar a edificabilidade dos núcleos de poboación, recordándolle que estamos a sufrir unha baixada de poboación importante e aproveita para coñecer a cifra de habitantes do padrón municipal e da estratexia a seguir.

Dado que xa pasaron os 100 días de goberno, pregúntalle como pretenden mellorar o PXOM? Cal é a estratexia a seguir? A través de que figura pretenden corrixir os defectos do PXOM?

Solicítalle ao Sr. Alcalde que arranque de inmediato eses traballos dado que catro anos de lexislatura non chegan para levar a cabo o que propuxeron na campaña electoral, de modificalo nesta lexislatura, máxime cando é un “pato coxo” xa que repetiu insistentemente durante moito tempo, incluso na campaña, que non ía repetir como Alcalde, e o que non quere o BNG é que comecen a modificar o PXOM e o deixen latente para a seguinte lexislatura.

5º.- Sobre do Plan Especial de Protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla, como vai o tema da ocupación que fixo un veciño dunha praza pública?

6º.- En canto á declaración institucional aprobada no pleno sobre dos refuxiados, como vai o tema? Consultaron con institucións públicas ou ONGs que están sobre do terreo?. Acaba de recibir unha carta de Amnistía Internacional solicitando a adopción dun acordo semellante ao aprobado no pleno anterior, que inclúe unha serie de compromisos, que é xusto que se inclúan no texto aprobado polo concello.

7º.- Agora que o edificio da Cámara Agraria vai a ser de propiedade municipal, solicita que se faga a acometida á rede de abastecemento de auga, posto que se as asociacións lle queren facer unha posta en valor do edificio, cree que é necesario que teña unhas instalacións dignas

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.